

NO VIEIRO DA NOSA CULTURA

"O FILOSOFÓ DE TAMARICA"

A traballadora, patriótica e entusiasta Editorial *Lar*, mándanos no seu número 27, unha noveliña, do xoven e perspicaz humorista Xulián M. Magariños Negreira, chamada «O filósofo de Tamarica».

Fai xa algúns tempo que nós puxemos unha decidida fe neste rapáz que ven a ser unha firme promesa para as letras galegas no campo do humorismo. Precisamente no campo máis fecundo para a nosa futura literatura.

Eu coido que Xulián M. Magariños Negreira, pode dar-nos unha firma de onto valor e de sólido prestixio si se consagra por enteiro, a produción literaria nese senso que é a sua característica, a sua tónica: o humorismo.

«O Kalibera 30 H. P.», publicado fai pouco tempo por ista Editorial amos rodos a o amigo Magariños, como unha firma de positivo mérito, e a demonstración destancias, afirma-se agora no «Filósofo de Tamarica» que ven a ser unha continuación xa decidida do escritor afirmado no vieiro que o ha levar a o cumio da valoración definitiva.

Ten Magariños Negreira unhas dotes excepcionais para a observación e unhas virtudes deputadas para maximizar incidencias e chuscas de moito donaire e fina gracia.

Non é o chistoso burdo e barballoso que di choqueiradas repugnantes sinón que é o contador, o narrador de anécdotas sínxelas, esquisitas, agradabres e graciosas.

Non vai o chiste procaz, insolso, brutal e deprimente, inon que busca o efecto da verba, o choque da frase que producen o contraste belido e armoñoso para facer rir e divertir a o leitor.

Da unha gracia orixinal, limpa, elegante a sua prosa e sementa no regazo da trama novelesca xenialidades prenas de orixinalidá, de novedá, de bon gusto. O incidente, a argumentación, o toxido aneídólico son na obra novelesca de iste rapaz conspicuo e avivado, unha cualidá, primordial no senso da fermosura literaria, da beleza artística.

Magariños Negreira é o tipo do observador galego, por antonomasia, a encarnación de ese noso espíritu burlón e orixinal, que nos distingue dos demás pobos ibéricos para nos acusar con un temperamento, con un carácter, con unha psicoloxía completamente *sui generis*.

Será iste rapaz tan aprovado, serio e serenado, un dos nosos principais humoristas, si é que persiste en cultivar ista cualidá que informa o seu temperamento e acentúa a sua sensibilidá.

Para a Editorial *Lar* vaia un novo eloxio, polo esforzo que realiza a o traballar con entusiasmo, con fe, nista obra de eisaltación de valores novos, a o dar a luz firmas que mañán serán sillerías de sólida consistenza, que vaisa consolidando o tempo da nosa cultura.

XUAN XESUS GONZALEZ.